

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[Intervención do presidente da Xunta de Galicia](#)

DEBATE SOBRE O ESTADO DA AUTONOMÍA 2023

Parlamento de Galicia, 9 de outubro de 2023

Sen dúbida é unha práctica positiva e saudable que cada certo tempo un pobo se analice a si mesmo. Reflexionar sobre a nosa orixe, o noso rumbo e a nosa ruta. Dialogar para identificar esas correntes de fondo que inflúen no futuro de Galicia e que os galegos, que somos donos do noso destino, debemos coñecer para tomar as decisións axeitadas sobre o noso rumbo.

Ese e non outro é o desafío que nos convoca hoxe aquí neste Debate de política xeral. Agardo que nestas sesións poidamos chegar a conclusións interesantes sobre o momento actual e os próximos desafíos que deberá afrontar Galicia, e que requiren de compromiso, implicación e altura de miras. Do Goberno autonómico e do grupo político que o sustenta, pero tamén así o agardo da oposición.

Ao longo dos últimos anos, Galicia non foi allea ás dificultades que sacudiron España e o mundo: a longa crise económica que eclosionou no 2008 e que nos atenazou durante anos, o protagonismo de movementos políticos que cuestionan os consensos da democracia, a pandemia da covid-19 ou a invasión rusa de Ucraína, que veu a agudizar as tendencias inflacionistas que xa levaban meses percibíndose na economía. Son ameazas que estiveron, están e seguirán estando aí.

Desde unha perspectiva global, non se pode dicir que fosen anos de serenidade. Pero desde o punto de vista estritamente galego, a nosa comunidade soubo protexerse, e protexer aos seus, dalgúns dos efectos máis duros.

Nunhas circunstancias difíciles, Galicia logrou crecer e crear máis benestar e prosperidade para as galegas e galegos. O PIB per cápita de Galicia incrementouse un 15,6% desde o ano 2009, fomos a terceira comunidade que máis creceu nestes anos; o desemprego está nos seus mínimos históricos, no último ano reduciuse un 9,34 %; e as exportacións, un dos motores máis fiables do crecemento económico, duplicáronse desde 2009.

Así mesmo, a Sanidade pública reforzouse progresivamente ao longo destes anos: invístese nela un 33% máis, traballan para ela 7000 persoas máis e acometeuse unha importante renovación dos seus edificios e equipamentos.

Somos a comunidade autónoma con maior porcentaxe de escolarización de nenas e nenos de ata tres anos. E o Ensino galego, clave para sentar as bases do noso futuro, progresou con solidez, tanto no control do abandono escolar (que se reduciu nun 60%), como en resultados educativos, nos que nos situamos á cabeza de España e por riba da media europea e da OCDE.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O número de persoas dependentes atendidas multiplicouse por cinco e a día de hoxe o 97 % das persoas con dereito a un servizo ou prestación están recibíndoa. Preto de 5000 persoas accederon a unha vivenda de promoción pública. E afondamos na mobilidade e a vertebración do país, con máis de 180 novos quilómetros de vías de alta capacidade libres de peaxe e importante promoción da mobilidade, con autobuses gratuítos para a mocidade de ata 21 anos.

Son moitos os parámetros e magnitudes que dan fe do progreso de Galicia nestes anos. Pero nin este pobo nin o seu Goberno se pode conformar. Somos plenamente conscientes de que segue habendo demasiadas persoas que o pasan mal para chegar a fin de mes ou que directamente non chegan, empresas que teñen dificultades para cadrar as contas e necesidades sociais que aínda non son atendidas como deberan.

Aínda queda moito traballo por facer. Calquera camiñante sabe que os logros das etapas pasadas non implican necesariamente éxitos nas futuras. Galicia non poden permitirse vivir de rendas, nin van facelo xamais. Os desafíos pendentes son a maior motivación para traballar cada día. Os logros acadados son o mellor aval de que o rumbo que seguimos é o axeitado.

Todos estes avances lograronse grazas á capacidade de esforzo e superación do pobo galego. Nestes anos o noso pobo demostrou que cada obxectivo que se logra é o primeiro chanzo para acadar o seguinte.

Polo tanto, queremos e demos maximizar os avances para os galegos de hoxe sen incrementar as facturas a pagar polos galegos de mañá. Esa xustiza interxeracional, esa determinación de non incrementar as cargas das xeracións que nos seguirán, é a filosofía que explica que sexamos a comunidade de réxime común que menos incrementou o seu endebedamento desde o comezo da crise económica.

Galicia con voz propia en España

Porei especial empeño en que Galicia se manteña afastada tanto dese pesimismo de ecos partidistas como do triunfalismo que non se basea en datos obxectivos, que pode levar á innecesaria compracencia. Con traballo, con creatividade e cos ollos e os oídos ben pendentes do mundo que nos rodea debemos pelexar cada día por mellorar Galicia.

Galicia, ao longo destes anos, soubo levar a iniciativa e construír unha forma propia de facer política, unha xestión con marca Galicia Calidade.

Mentres outros territorios se aboaban a unha aritmética parlamentaria variable e inestable, Galicia fomos quen de blindar a normalidade: que as leis importantes saian aprobadas, que cada ano existan uns Orzamentos que se aproben en tempo e forma e que as decisións se tomen pensando nos intereses do pobo, non de minorías de control ou bloqueo.

Mentres outras comunidades facían do desafío constante ao Estado a súa razón de ser, sometendo á xente a unha tensión e crispación inacabables, Galicia foi sempre leal cos intereses comúns, pero sen deixar xamais de reclamar o que en xustiza consideramos que nos corresponde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mentres outros, malinterpretando o mandato das urnas, se dedicaron a gastar o que non tiñan e a hipotecar ás xeracións vindeiras, Galicia xamais perdeu de vista a necesidade de manter o déficit e a débeda pública en niveis sempre razoables. Os galegos entenderon sempre que as arcas públicas non se poden administrar con criterios radicalmente distintos aos que empregamos para administrar as nosas propias economías familiares.

Cada ano se demostra que o camiño escollido foi o atinado. A estabilidade, a lealdade co resto de España e a xestión responsable permítennos exercer o autogoberno con forza política, con autonomía financeira, e con autoridade moral para defender aquilo no que cremos e denunciar o que consideramos incorrecto.

Galicia prosperou sempre desde o máis estrito respecto ás regras do xogo que nos demos entre todos. O progreso e o benestar que fomos gañando non se construíron contra ninguén nin a costa dos demais, senón grazas ao bo facer do noso pobo.

Estou convencido de que a fórmula para seguir avanzando pasa por esquivar dúas correntes contrapostas, pero que comparten a intención de condicionar o noso rumbo. Falo por unha banda da ficción de que Galicia non necesita dos demais e que se ille das dinámicas nacionais e europeas. Converteríámonos nunha terra pechada en si mesma, enganosamente autosuficiente e refractaria ante as achegas positivas e necesarias que veñan do exterior.

E falo, polo outro lado, do interese —puramente circunstancial e partidista— en que Galicia se converta nun ente político puramente satélite do Goberno de España, sen intereses políticos propios nin posicións que difiran das que se marquen desde a Moncloa.

Neste Debate de política xeral procede recalcar que, mentres este sexa o Goberno autonómico e esta a maioría parlamentaria, Galicia proseguirá o seu propio camiño.

Non imos estar subordinados a ideoloxías que nin se deseñaron nin se aplican pensando en nós. Tampouco subordinados aos intereses do Executivo central que toque, sexan cales sexan as súas cores políticas. Aquí, mentres de nós dependa, seguiremos tendo autonomía de criterio e de acción.

A nosa comunidade non pode ser allea a esta especie de redefinición interesada do modelo territorial de España que se intenta incluír á forza dentro do debate público. A traxectoria democrática de España demóstranos que o marco constitucional non pode ser moeda de cambio para intereses electorais de curto percorrido. Un Goberno, ou máis ben, un Presidente non poden gañar unha prórroga duns meses ou uns anos a costa de sacrificar o máis elemental principio de igualdade entre todos os cidadáns e, polo tanto, tamén o principio de igualdade de todos os galegos e galegas.

Do Presidente do Goberno de España non se espera só que sume ata 176, senón tamén que sexa consciente do inmenso sentido de Estado que implica o seu cargo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia non é allea á negociación que, segundo os seus propios protagonistas, se está abrindo co independentismo. O debate non é sobre o futuro de ningún político, é sobre o futuro de España e de Galicia, e a voz das galegas e galegos debe ser escoitada, agora máis ca nunca.

Sería un inmenso erro non pensar que as cuestións que están sobre esa mesa de negociación teñen un impacto directo sobre a liña de flotación da España constitucional e da Galicia do Estatuto de Autonomía.

Falar de referendo é negar os lazos e compromisos que unen a uns españois con outros, e tamén aos galegos; falar de amnistía é defender a anulación dos efectos do Estado de Dereito sobre unhas persoas que o vulneraron; e, sobre todo e por riba de todo, falar de condonación de débedas ou do recoñecemento de supostas “débedas históricas” de importes astronómicos ten unha consecuencia clara e directa: que na caixa común dos españois, e polo tanto tamén das galegas e galegos, se priorice a busca de apoios para o partido no Goberno sobre a sustentabilidade e a equidade do Estado do Benestar. E iso Galicia non o vai a tolerar.

A España e a Galicia dos nosos fillos e netos non pode ser lugares asimétricos, nos que uns reciban todo o que aos demais se lles nega. Os intereses específicos dalgúns partidos políticos non poden prevalecer sobre os intereses xerais. A verdadeira xenerosidade practícase co propio, nunca co alleo. Quitarlles a uns para que outros posúan máis non é ser xeneroso: iso ten un nome diferente. E na caixa común de todos os españois —tamén dos galegos— as reivindicacións políticas duns poucos territorios non poden estar por diante da calidade e a sustentabilidade dos servizos públicos de todos.

¿Acaso un veciño da montaña de Lugo entendería que non vai ter mellor cobertura móbil porque hai que pagar a factura dunha investidura? ¿Ou debe un gandeiro da Limia renunciar as axudas ás que ten dereito e que necesita para que outros reciban o triple?

¿É que os fondos que recibe Galicia para o sostemento e mellora da Sanidade, da Educación ou dos Servizos Sociais públicos deben depender dos remanentes que queden despois de satisfacer os intereses dunhas minorías independentistas?

¿Alguén cre que é defendible que as nosas conexións por tren ou por autovía importan menos que as dos demais ou importan moito menos que a permanencia no poder dunha determinada persoa?

O financiamento para as autonomías non pode ser unha ferramenta de castigo para, a costa de servir de incentivo os que están vendendo cara unha investidura e ser politicamente útiles a un goberno, prexudicar os demais. Antes o contrario. Na necesaria reforma do sistema deben valorarse na súa xusta medida conceptos como o envellecemento, a dispersión territorial ou a baixa densidade de poboación que rexistran algunhas comunidades autónomas. Son temas que lle afectan a Galicia. Este é o momento de abordalo con máis forza ca nunca.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Son eses elementos, e non as cores políticas de cada un, as que determinan canto custa prestar os servizos públicos e canto custa, polo tanto, soste e reforzar o Estado do Benestar. E a partir de aí, aplicar criterios de igualdade.

Aínda que se maquillen ou se camuflen, son as cuestións que se dirimirán en España nas vindeiras semanas ou meses. Todo o demais son distraccións e xogos florais. Por iso defendo que Galicia non pode permanecer á marxe, senón que a nosa voz se escoitará con toda claridade e con toda contundencia e con toda a lexitimidade. Agora máis ca nunca.

Este intenso ano electoral vimos de vivir e este inicio dunha nova lexislatura —que non se sabe canto durará— non pode supoñer que se faga tabula rasa coas xustas reivindicacións que Galicia leva elevando desde hai xa demasiado tempo.

Galicia: compromisos pendentes

As novas urxencias que parece asumir o Goberno en funcións non poden implicar que se despracen as cuestións de interese para Galicia e os galegos, cuxa importancia —alomenos nesta Cámara— agardo que estea fóra de toda dúbida.

Desde que fun investido Presidente da Xunta, un dos labores aos que máis prioridade concedín é á defensa dos intereses da nosa terra ante o Goberno central. O balance de cumprimentos do Executivo en funcións non pode senón cualificarse como pobre, por non falar directamente de incumprimentos.

Levamos tempo coa desagradable e inxusta sensación, o malo é que é real, de que calquera demanda, polo feito de proceder de Galicia, é automaticamente descartada, postergada, esquecida e minusvalorada. A lista de esixencias non é miña, non é do meu partido, emana dos galegos e seguireinas defendendo en todos os foros, custe o que custe e moleste a quen moleste.

Seguiremos defendendo o traspaso a Galicia da titularidade da Autoestrada do Atlántico, que percorren 25.000 condutores cada día e aos que a Xunta quere axudar, e podería facelo, se non fose que ese traspaso comprometido non fose un engano máis.

Seguiremos defendendo que se complete a autovía Santiago – Lugo e as demais vías de alta capacidade pendentes e que se conceda a máxima prioridade á reconstrución dos viadutos da A-6, como se estiveran noutros sitios nos que realmente estarían xa reconstruídos. Seguiremos defendendo compromisos concretos, con investimentos e prazos, sobre a conexión ferroviaria tan necesaria con Portugal.

Seguiremos defendendo un financiamento xusto para o Corredor Atlántico Noroeste de mercadorías, fronte á insuficiente solución que propón o Ministerio, case oito veces menor da necesaria, e ao ninguneo intolerable do comisionado nomeado para defender a Galicia e que a ignora sistemáticamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Seguiremos defendendo que Galicia conte canto antes cos trens Avril, máis rápidos, amplos e económicos que os actuais, a pesar do enésimo e recén intento de xustificar o enésimo e recén retraso.

Seguiremos defendendo que se mobilicen xa dunha vez os fondos europeos para a industria, eses 21.350 millóns de euros, máis do 60% do total, que seguen embalsamados e aínda non chegaron a proxectos que son moi necesarios Stellantis, a Altri, a Resonac e tantos proxectos estratéxicos en Galicia, que seguen esperando financiación, sen saber cando vai chegar e sen saber por que non chega. Mañá mesmo trasladareillo en persoa ao ministro de Industria todas estas necesidades, e agardo que desta vez alomenos sexa receptivo.

Seguiremos defendendo unha rebaixa do IVE á carne e ao peixe, que non só beneficia ao sector, que tamén e en primeiro lugar, senón tamén ao peto e á alimentación saudable duns consumidores afectados pola ola inflacionaria e incompresible cerrazón da negativa do Goberno central a executar esta rebaixa, cando menos temporal.

Seguiremos defendendo que as persoas que viven e traballan no litoral galego poidan contar con máis seguridade, fronte a unha normativa nacional que ameaza real 4000 edificacións e máis de 100 empresas da cadea mar-industria.

Seguiremos reivindicaremos a utilidade e o pleno encaixe normativo da nosa pioneira en España, a norma Lei de Ordenación litoral. Agardo que o Goberno central escoite máis á xente que vive e traballa na costa, que tamén a coida e a preserva, que aos opinen facilmente desde a lonxanía de despachos en Madrid. E, por suposto, a piques de rematar o prazo para a súa total entrada en vigor, agardo que toda esa manga ancha que emprega o goberno central para xustificar as reivindicacións do independentismo, non se converta nunha interpretación implacable, inxusta e partidista para intentar tumbar o que saíu deste Parlamento e foi avalado por ditames xurídicos independentes. Espero que así sexa.

Seguiremos defendendo que o Goberno central asuma dunha vez de xeito equitativo o financiamento do sistema de dependencia, que na actualidade sosteñen nun 70 % as arcas das comunidades autónomas. Ese 20 %, miles de millóns que se adebedan aos dependentes galegos, que teñen recoñecida a dependencia en Galicia, hai que saldalo canto antes.

Seguiremos defendendo que se nos permita aplicar unha política de inclusión social autónoma e axeitada ás nosas necesidades, a través da coxestión do Ingreso Mínimo Vital comprometida polo Goberno central como tantas cousas que non fixo hai dous anos e aínda bloqueada. Non pasa iso contras comunidades autónomas.

E seguiremos defendendo tamén que a normativa estatal deixe de dificultar o necesario e imprescindible relevo xeracional na Sanidade pública, especialmente na medicina de familia ou na pediatría. Seguen mantendo nota de corte, un sistema de asignación de prazas MIR e unha rixidez na acreditación de unidades docentes que xa non ten razón de ser, e que impide implantación melloras da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como prometín na miña sesión de investidura, ser esixentes é e seguirá sendo a nosa maneira de ser leais. As demandas de Galicia son proporcionais, son xustas e están sustentadas en todos os casos por sólidas argumentacións. Corresponde a quen non as atende explicar por que non o fai e a quen o apoia que non se atendan explicar por que tolera esta actitude.

Galicia en futuro

Fronte a esta actitude, a Xunta incrementará a intensidade do seu compromiso e da súa acción de Goberno, que as temos e as exercemos. As galegas e galegos levántanse cada xornada para acudir ao seu posto de traballo, levantar a reixa do seu negocio ou para seguir formándose. Cando os ritmos da política nacional e os da xente común están cada vez mais desacompañados, nós avanzaremos ao paso que marca a nosa xente. Aínda que outros permanezan inmóbiles, Galicia non para e a Xunta, polo tanto, non pode parar.

A día de hoxe, 9 de outubro, aínda non foi remitida aínda a nós nin a ningunha comunidade autónoma a información básica necesaria para elaborar algo tan importante como son Orzamentos que deberían entrar en vigor en menos de tres meses. Aquí en Galicia o van facer. Non sabemos nin as entregas a conta, nin a liquidación correspondente ao ano 2022, nin o obxectivo de déficit.

Así e todo, Galicia está ultimando as proxeccións macroeconómicas que sustentarán o noso teito de gasto. Polo tanto, os servizos públicos galegos seguirán funcionando e mellorando cada día, pase o que pase en Madrid. Galicia si que terá Orzamentos.

Estes Orzamentos plasmaran en números realistas o noso proxecto para Galicia, que persevera en todo o que funciona e redobra os esforzos naqueles ámbitos nos que debemos mellorando.

O noso proxecto estrutúrase en tres eixos, que concordan coas tres grandes preocupacións da inmensa maioría dos cidadáns no seu día a día, o que esperan que os políticos lles resolvamos: fortalecer o Estado do Benestar e os servizos públicos; estimular o crecemento económico e a creación de postos de traballo de calidade; e crear máis certezas para o futuro que lles deixaremos en herdanza os galegos de mañá.

Servizos públicos

Polo tanto, señorías, desde o inicio de 2022, sabemos que os prezos dos bens e servizos que consumen os fogares galegos incrementáronse en case un 10 %. Unha cifra así require dunha acción pública decidida de todas as administracións, polo tanto tamén da Xunta de Galicia para minimizar o impacto desta inflación sobre as economías domésticas; sobre a vida da xente.

Unha das ferramentas para que os galegos dispoñan de máis cartos está na política fiscal. E nos usámola. A de Galicia leva sendo desde o ano 2009 coherente e consistente: baixar os impostos tanto como sexa posible, sempre, por suposto, que non implique lastrar a calidade dos servizos públicos. Baixadas responsables, pero continuas e constantes, e desde logo non subir impostos, como si que se fai noutros sitios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso hoxe somos unha das comunidades con mellor tratamento fiscal para as rendas de ata 20.200 euros, as rendas máis baixas; somos unha terra na que o 99,9% das herdanzas de pais a fillos non tributan; e somos tamén a comunidade autónoma con impostos máis baixos para comprar unha vivenda tanto para quen a compra no rural, como para os galegos de menos de 36 anos, as familias numerosas ou as persoas con discapacidade.

Na última declaración da renda, xa se aplicou unha rebaixa de catro décimas no tramo autonómico máis baixo do IRPF e descontouse o efecto da inflación para os tres primeiros tramos. Estas medidas xa beneficiaron, e o seguirán facendo no futuro, a 9 de cada 10 contribuíntes.

Na declaración da renda correspondente ao exercicio 2023, a que os galegos faremos o ano que vén entre abril e xuño, atoparemos que xa será de aplicación efectiva dúas baixadas de impostos decididas recentemente e que terán aplicación na vindeira declaración. Falo da equiparación das familias con dous fillos ás familias numerosas, unha medida que só está en vigor en Galicia e que permitirá aforrar 250 euros a cada fogar; e o dobre de deducións para as familias con tres fillos, que pasarán de 250 a 500 euros, e 250 euros adicionais para o cuarto fillo e seguintes.

Todas estas medidas que xa están en vigor, insisto, algunhas só en Galicia, reforzaranse a partir do 2024 con máis medidas. Unha destas novidades é a que avancei a semana pasada: Galicia vaixe converter na comunidade autónoma con menos impostos para a compra dun vehículo de segunda man.

Para que facemos isto? Para fomentar a mobilidade sustentable, por suposto. Pero tamén para axudar ás economías familiares. 60.000 persoas cada ano se van ver beneficiadas. Baixará o tipo do 8% ao 3% con carácter xeral e suprimese por completo para os vehículos eléctricos.

Pois ben, a esta medida anunciada, hoxe avánzolle unha nova baixada de impostos máis, dirixida a un dos ámbitos nos que máis necesaria é a acción pública a día de hoxe: axudar á xente a adquirir unha vivenda. O acceso a un fogar en propiedade é unha das grandes problemáticas, especialmente para os máis novos.

Recordarán que no ano 2022 se rebaixou do 10 % ao 9 % o tipo xeral do Imposto de Transmisións Patrimoniais, que se aplica na compra dunha vivenda de segunda man.

Pois ben, no vindeiro 2024, Galicia rebaxará un punto adicional este tributo, que quedará fixado con carácter xeral no 8% para todo o mundo. Isto vai supoñer un aforro adicional ós que xa están en vigor de 1000 euros para quen compre unha vivenda de 100.000, de 2000 euros para unha de 200.000... e así sucesivamente.

Ademais, por suposto, mantéñense e se soportan con cargo aos orzamentos, as bonificacións que xa existían. Para todos os contribuíntes, un 6 % para a compra de vivendas en zonas pouco poboadas; para as rendas máis baixas, un 7% para a compra da vivenda habitual que baixa ata un 5% en zonas pouco poboadas. E para as familias numerosas, menores de 36 anos, para persoas con máis dun 65% de discapacidade ou para vítimas de violencia machista, un 3%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas novas rebaixas de impostos, señorías, o que veñen a facer é reforzar unha das políticas de vivenda máis ambiciosas de España, a que temos en Galicia. A Xunta vai impulsar preto de 1900 novas vivendas públicas para alugueiro e outras 3000 de promotores privados, para construír 3000 vivendas máis con axudas públicas. É un incremento do 50% no tamaño do noso parque de vivenda protexida, no que Galicia vai investir 250 millóns de euros.

Ademais de manter os bonos de alugueiro para persoas vulnerables e para a mocidade (dos que se benefician cada ano máis de 7500 persoas), Galicia ofrece un paquete de máis de 7,5 millóns de euros para axudar á compra dun domicilio: ata 20.000 euros para a adquisición dunha vivenda protexida; ata 15.000 euros para a compra dun inmovible nun casco histórico e, ademais así contribuír á súa revitalización; e ata 10.800, case 11.000, euros para as galegas e galegos de ata 35 anos que se muden a un concello de menos de 10.000 habitantes; e, moi importante, o aval do 20 %, ese que non conceden os bancos, para que a mocidade non teña que afrontar de golpe o importante desembolso que supón a entrada para un piso ou unha casa.

Polo tanto, manter a xestión responsable nun escenario de incertezas económicas obríganos tamén a concentrar os recursos alí onde pensamos que son máis necesarios.

Así, no ámbito familiar, xa se avanzou unha nova medida que foi recibida con enorme aceptación para as familias: a creación dun bono para que as familias con fillos en idade escolar compren material deportivo. 120 euros por cada nena ou neno que estea federado nalgunha disciplina.

Este bono, insisto dunha enorme aceptación polas persoas afectadas, súmase ás demais iniciativas que temos para axudar aos fogares con pequenos: a Tarxeta Benvida, unha axuda de ata 3000 euros ao ano por nacemento que é de referencia en España e que xa percibiron preto de 100.000 familias galegas; a gratuidade total nas escolas infantís de 0 a 3 anos —tamén única e pioneira en España e que nos converte na comunidade con máis cativos escolarizados nesta etapa; ata 2.500 euros de aforro por familia—; o calendario de vacinación infantil máis completo do mundo, que aforra a cada familia ata 1000 euros por neno e que protexe, isto é o máis importante, aos máis pequenos de Galicia máis que os de ningunha outro lugar: con novas vacinas como a do virus respiratorio sincitial, a do meningococo máis completa do mercado ou a do rotavirus. E tamén, por suposto, as axudas para libros de texto e material escolar. Nós que somos líderes en toda España que perciben 7 de cada 10 familias.

Con todas estas medidas, Galicia reforza a súa posición como a comunidade con máis apoio ás familias, unha aposta estratéxica deste Goberno que tamén contribúe con medidas efectivas a reverter a tendencia, o devalo demográfico.

En 2024 lanzaremos, ademais, un completo plan de simplificación administrativa que reducirá ao mínimo o papelame en dúas das axudas que máis piden actualmente as familias. Así, polo tanto, a Tarxeta Benvida pasará a concederse automaticamente a todos os fogares que cumpran os requisitos de renda (que son máis do 80). Xa non haberá que cubrir ningún formulario, xa non haberá que achegar ningunha documentación adicional. E o título de familia numerosa, ademais de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aprobarse de xeito inmediato tralo nacemento do terceiro fillo, renovarase automaticamente mentres o fogar teña dereito a el. Os pais xa non terán, polo tanto, que renovalo cada ano e non caducará ata que o último fillo se emancipe.

Outra das iniciativas máis innovadoras que temos para a abordaxe do reto demográfico é a Estratexia Galicia Retorna, sen ningunha dúbida. Esta estratexia, que están sendo copiada por outras comunidades autónomas, busca que todos os galegos que viven no exterior saiban que aquí sempre van ter un fogar e o dereito a retornar.

Os resultados acreditan que o enfoque é o axeitado, pois no primeiro semestre de 2022 —o último que reflexan as estatísticas— chegaron a Galicia 12.800 persoas máis das que marcharon, o mellor saldo migratorio dende que existen datos. E a demostración, a evidencia de que é unha estratexia que serve para reverter o devalo demográfico, é que a poboación galega aumentou en 2000 persoas.

E ademais teño que dicir dentro da Estratexia Retorna que, ademais de axudar aos galegos retornados a emprender ou de orientalos xa desde o seu país de orixe, a Xunta vai reforzar os apoios tamén para que poidan alugar unha vivenda mentres constrúen o seu proxecto de vida en Galicia; nos momentos iniciais, os máis duros. Xa neste 2023, ademais e para completar esta Estratexia Retorna, comezará a funcionar a nova oficina itinerante de asesoramento e seguimento ao retorno.

E se falamos de servizos públicos fundamentais e da necesidade de blindalos e reforzalos e mantelos na excelencia, hai que falar especialmente da nosa excelente sanidade pública. Desde o ano 2009 incrementouse o orzamento sanitario en 1200 millóns de euros, máis do que se gastaba no orzamento daquel ano. Grazas a iso, construíronse e melloráronse un centenar de centros de saúde, dous hospitais punteiros en Vigo e Lugo e reformáronse todos os demais... máis de 1000 millóns de euros na Estratexia de construción, reforma e modernización dos grandes hospitais galegos. Instaláronse tamén equipos de alta tecnoloxía sanitaria en todos os hospitais e na atención primaria; implantáronse os programas de cribado máis avanzados de España; e reducíronse as listas de espera, tanto para primeiras consultas de hospital como para as cirurxías máis prioritarias.

Como resultado, e de acordo co CIS que tanto lles gusta a algúns e tanto lles vale segundo para que, Galicia é a segunda comunidade que mellor valora a súa Sanidade pública, 10 puntos por riba da media nacional. Pero, nos conformamos? Non, estamos moi lonxe de conformarnos, por suposto.

Avánzolles, neste sentido, que no ano 2024 o Servizo Galego de Saúde, a sanidade pública galega, lanzará unha batería de iniciativas destinadas a reforzar aínda máis a atención sanitaria. Seguiremos, polo tanto, ampliando os equipos do Sergas, os recursos humanos, a base de todo, as través de contratos estables e incorporando profesionais con praza en propiedade, empezando por aquelas de máis difícil cobertura. Porase en marcha o Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia, que permitirá elaborar os fármacos personalizados contra o cancro, os fármacos CAR-T; e iniciarase a construción do centro de protonterapia de Galicia, que vai ser o primeiro centro público que aplique esta tecnoloxía pioneira contra o cancro en toda España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E implantarase nos hospitais de Vigo, A Coruña e Santiago un programa de cirurxías robóticas de recuperación rápida para as operacións de xeonllo e cadeira, que permitirá reducir os tempos de hospitalización a 3 días e, segundo os profesionais, logra a recuperación completa en menos de dous meses para a maioría da xente.

Crearase un centro de xestión integrada da imaxe médica —que xa se atopa agora mesmo en fase de probas— e que permitirá axilizar, e moito, os tempos para realizar unha proba de radioloxía ou de anatomía patolóxica, e dispoñer dos resultados.

Apostarase polo teleseguimento para que os pacientes cun marcapasos ou con certas doenzas respiratorias ou cardiovasculares poidan consultar cun profesional sanitario desde a súa casa sen ter que desprazarse ao centro de saúde ou ao hospital.

E tamén, por suposto, seguiremos avanzando na atención ás doenzas femininas, incorporando no Decreto de garantías as consultas en menos de 45 días e cirurxías en menos de 60 para as mulleres con cancro de endometrio e displasias de cérvix e vulva. E seguiranse dando pasos nos novos hospitais da Coruña e Pontevedra, na ampliación dos de Ferrol e Ourense e na inminente renovación do de Santiago. Como lles dicía antes, 1.000 millóns de euros nos últimos anos dedicados a esta finalidade.

E, por suposto, para mellorar o que cada vez é un problema maior da nosa sociedade, a saúde mental, xa dende a atención primaria, e progresivamente xeneralizaremos, a presenza de psicólogos clínicos nos centros de saúde de Galicia.

Estes profesionais da psicoloxía virán a sumarse aos máis de 240 sanitarios que xa se están incorporando ao Sergas para mellorar a atención ás doenzas mentais, que como dicía é unha das realidades sociais máis preocupantes deste século XXI e que dende logo temos que abordar.

Traballar pola Sanidade pública tamén é fomentar os estilos de vida saudables e previr problemas de saúde. Por iso, neste mesmo mes iniciaremos a tramitación da nova Lei de prevención de adiccións nos menores en Galicia, que avanzará por exemplo en temas tan importantes como na regulación dos vapeadores e as bebidas enerxéticas e que perseverará na tolerancia cero co botellón.

E ademais, se falamos de servizos públicos e de atención ás persoas, estaremos de acordo en que a fortaleza dunha sociedade mídese tamén e, se mo permiten, especialmente polo trato que lles dispensamos ás persoas maiores. Por moitas razóns, por todo o que fixeron por nós e por todo o que nos seguen achegando día a día; hai que seguir estando á altura das súas demandas.

Que hoxe en día a esperanza de vida sexa máis elevada que nunca antes e non deixe, afortunadamente, de crecer é unha excelente noticia, sen dúbida que fai en primeiro lugar acreditar a calidade de vida coa que chegamos a idades cada vez máis avanzadas. Agora, iso si,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deixa retos e desfrutar desta etapa vital con liberdade, pero tamén con todos os apoios que necesiten, sen dúbida, é o reto fundamental.

Así, anúnciolles que Galicia creará o Carné +65, que lles ofrecerá ás persoas maiores descontos semellantes aos que xa inclúe o Carné Xove para as persoas máis novas. Acadar a xubilación é unha meta demasiado boa como para non aproveitala ao máximo.

E somos conscientes de que a maioría das persoas maiores desexan envellecer no seu fogar, rodeados dos seus. Por iso lles anuncio tamén que, a partir do ano que vén, Galicia se converterá na comunidade con máis apoio para que as persoas maiores sexan atendidas na súa casa, a través dun bono asistencial.

Todas as persoas con dependencia e que sexan coidadas por un familiar no seu domicilio terán dereito a unha axuda de 5000 euros ao ano para favorecer estes coidados.

E como somos conscientes de que hai situacións nas que é inviable, polas razóns que sexa, recibir atención na propia casa, todas as persoas dependentes que contan cun bono para ir á residencia da súa elección recibirán un complemento adicional de 1200 euros ao ano. Este plus, complemento independente das axudas que xa estean recibindo, e que de media vai supoñer un incremento do 30%.

Deste modo, Galicia avanza na construción dun sistema de dependencia universal, no que, ao igual que as demais patas do Estado do Benestar —a Sanidade e a Educación—, a atención recibida se centre nas necesidades das persoas por riba de calquera outra circunstancia.

Estas que acabo de anunciar son medidas sen precedentes nin equivalentes en España, que podemos acometer pola boa saúde das nosas contas. Vai permitir que cada galego, co apoio da súa familia, escolla a atención que máis encaixe dentro do seu carácter, do seu estado físico e das súas preferencias. Deste xeito seremos, pasamos, con máis intensidade que nunca, a ser líderes en atención á dependencia, aquí en Galicia.

E para complementar ese sistema de axudas económicas que tamén son necesarias, hai que seguir desenvolvendo infraestruturas pioneiras de atención ás persoas maiores. O 2024 será o ano no que se inaugure en Santiago o primeiro centro de coidados intermedios público de España, para atender á xente maior que, despois de recibir unha alta hospitalaria, necesite unha atención intermedia que é ao que se vai dedicar este centro. E, en paralelo, avanzaremos no acondicionamento dun espazo igual no antigo hospital Rebullón, no Concello de Mos. É dicir, Galicia terá, sucesivamente, o primeiro no ano 2024, dous centros pioneiros en España de coidados intermedios para as persoas maiores.

E tamén seguiremos avanzando na atención ás necesidades das persoas con discapacidade. Galicia xa conta co sistema educativo máis inclusivo do mundo, pasamos de 2 a 46 unidades de atención temperá e creamos máis de 1000 novas prazas en centros de día ou residencias de discapacidade. Seguiremos por este camiño porque é de xustiza, sen ningunha dúbida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E por suposto, para facer todo isto posible, non abonda cunha boa situación económica, cun menor endebedamento que a media das comunidades autónomas que non poderán tomar estas medidas. Non abonda simplemente cun plan de infraestruturas con medidas pioneiras. O máis importante son as persoas, os empregados públicos, encargados de levar todo isto adiante. Os servizos públicos se fortalecen tamén fortalecendo os seus recursos humanos. Nesta liña xa van as ambiciosas ofertas de emprego público que estamos a lanzar en todos os ámbitos (só no ano 2022 se aprobaron máis de 7200 prazas para a Administración xeral, 5700 para Sanidade, e outras 1300 na Educación). Nos próximos meses seguiremos profundando nestas ofertas de emprego público.

Impulso económico

Ademais da persoas, o fundamental por parte dunha Administración é o desenvolvemento económica é o que permite que as administracións funcione, a sociedade xere riqueza e se poidan prestar e garantir servizos públicos fundamentais. Polo tanto, temos que seguir favorecendo o crecemento económico sustentable, aproveitando os nosos recursos e velar para que que as próximas xeracións poidan desfrutalos. Pódese combinar perfectamente economía e preservación do medio ambiente.

Crear máis emprego e de mellor calidade, modernizar as nosas estruturas produtivas e captar novos investimentos son o obxectivo central da nosa política económica, porque con todos eses elementos Galicia seguirá medrando con firmeza. Vaino facer.

No ámbito marítimo, un dos sectores principais, temos que reforzar o noso liderado e garantir que as iniciativas que teñen dereito a apoio público poidan acceder a el, a nosa comunidade contará no vindeiro ano cun servizo de asesoramento para os pescadores, acuicultores ou integrantes da cadea mar-industria que queiran acceder a fondos europeos.

Queremos que cada euro deses recursos, desas oportunidade dos fondos europeos cheguen a todos os recunchos da nosa costa e a todos os segmentos da actividade da cadea mar industriais.

En Galicia temos a maior frota de toda Europa, a maior porcentaxe de mariñeiros, somos os primeiros en capturas sustentables e en produción de cultivos mariños. Estamos á vangarda da industria conserveira e dos conxelados e tamén superamos todas as marcas en exportación de produtos do mar.

Polo tanto, Galicia non admitirá xamais os discursos que insinúan que a pesca responsable é incompatible coa conservación do océanos. A experiencia e o traballo diario da nosa frota son o mellor desmentido destas afirmacións.

É por iso combateremos coa forza da razón o veto inxusto á pesca de fondo. E seguiremos axudando ao sector ante o incremento de custes e que reclamaremos que se materialicen canto antes ese Perte sorprendentemente para a cadea mar-industria. Non sabemos máis datos, pero os exixiremos xunto o sector. Era necesario, tardou en chegar, pero celebro que, por fin, se desen conta que era necesario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta avanzará na coordinación e comunicación entre o sector e a comunidade científica, para desmontar os prexuízos e dogmas e avanzar na sustentabilidade e a produtividade da pesca, do marisqueo e da industria transformadora.

Ademais, xa estamos culminando no deseño dun plan de xestión da mexilla, como ferramenta fundamental para adaptar a extraccións ás necesidades dos distintos sectores e á situación do recurso. Se pode convivir e todos poden saír beneficiados

No eido rural, a outra pata do sector primario, Galicia seguirá traballando por ser referente de calidade. Nun contexto económico que incrementou de xeito moi importante os custes que afrontan os gandeiros, é necesario que a Xunta protexa e apoie e empuxe máis ca nunca ao sector.

Temos todas as condicións para ser a despensa da produción agroalimentaria de calidade a nivel europeo, con 37 Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas Protexidas. Todo un tesouro, que temos saber xestionar, manexar e pór en valor.

Por iso, no vindeiro ano imos destinar 12 millóns de euros a apoiar con axudas directas aos produtores de Ternera Gallega Suprema, para que poidan manter os estándares de excelencia e benestar animal que levan a marca Galicia por todo o mundo.

Para o vacún de leite, seguiremos avogando por prezos xustos, que impulsen a competitividade do sector, a cohesión territorial e o relevo xeracional tan importante.

Para impulsar a horticoltura, estamos a elaborar unha Estratexia de dinamización orientada a que os cultivos galegos sexan cada vez máis rendibles e competitivos de cara sobre todo a exportación.

Apostaremos tamén pola xestión sustentable dos nosos montes, que non só significa protección do noso patrimonio natural, senón tamén impulso económico para as zonas rurais. Xa estamos traballando para acadar unha solución nesas situacións derivadas da recuperación de propiedades por parte de comunidades de montes de parcelas nas que existen establecementos industriais. É necesario preservar a propiedade e a sustentabilidade de montes, pero tamén a vida económica que se desenvolve nos nosos concellos.

Por iso, nos vindeiros meses, unha vez completado o salientable esforzo do inventario forestal, único en España, aprobarase o plan estratéxico da industria forestal-madeira, que supón preto do 2 % do PIB galego, e medrando. Para impulsar o sector e poñer en valor a calidade deste material, anúnciolles que a partir do ano 2024 unha porcentaxe mínima garantida dos edificios que constrúa a Xunta teñan estrutura de madeira. Hai que dar exemplo para que os demais fagan o mesmo.

Poremos en marcha un pioneiro mercado voluntario de créditos de carbono único en España. Hai que abrirse a este mundo. E lanzaremos un programa de protección das nosas aldeas e dos montes de xestión pública, baseado no fomento do pastoreo de ovellas, cabras ou cabalos nas zonas con maior risco de incendios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Temos unha terra agraria extraordinaria, pero tamén un desafío histórico na súa estruturación e na titularidade das parcelas moitas reformas que facer e tamén moito cambios de mentalidade. Tres de cada dez predios rústicos que hai en España están en Galicia.

Para abordar esta situación, nesta lexislatura emprendemos un ambicioso programa de mobilización de terras, combinando as tradicionais concentracións parcelarias cos novidosos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Mobilizáronse 35.000 hectáreas, o 1 % do territorio, e o ano que vén aí que chegara e superaran as 40.000.

Hai un gran reto que é poñer parcelas de calidade á disposición dos xestores do territorio, agricultores, gandeiros e silvicultores, e facelo dun xeito áxil e con seguridade xurídica e que resulte útil. No 2024 a Xunta licitará os primeiros polígonos agrarios de Galicia e veremos tamén como nacen as primeiras agrupacións de xestión conxunta, ligadas fundamentalmente ao sector forestal.

Tamén hai que apostar polo sector téxtil, o naval ou o automobilístico, que lle dan senso ao noso progreso económico. Os datos invitan a un moderado e moi prudente optimismo, pois neste 2023 somos unha das comunidades autónomas con maior crecemento da produción industrial, un 2,6 % fronte a un retroceso da media nacional 0,6. Datos que invitan a optimismo, pero con moderación. Hai que seguir polo camiño axeitado. Polo tanto é imprescindible, insistir na necesaria desmobilización, axilización e comezar a facer algo, en definitiva, con eses miles de millóns dos Perte industriais que incomprendiblemente seguen embalsados.

Por que non se aposta pola cogobernanza? Por que non se aposta por unha xestión con esas comunidades que demostramos que sabemos xestionar eses fondos? Volveremos insistir as veces que faga falta, porque hai que aproveitar oportunidades.

Por outra banda, estamos tamén ante outra oportunidade que temos diante: a posibilidade certa de que Galicia se converta nunha potencia en materia de enerxías limpas. Agora que estamos abordando dun xeito decidido un proceso de descarbonización imprescindible, agora que vemos cada día máis patentes os efectos do cambio climático, Galicia será parte da solución ao cambio climático, e nunca parte do problema.

Temos ademais unha oportunidade histórica por diante que nunca nos perdoaríamos deixar pasar. Temos o vento, a forza da auga e as condicións xeoestratéxicas imprescindibles e necesarias para logralo. E lles aseguro que a vontade política a este Goberno non vai faltar. Por iso fomos partícipes do acordo polo cal Reganosa toma unha posición moi importante na regasificadora do Musel e se facilita o impulso do gasoduto Guitiriz-Zamora que interconecta o sistema galego co resto de Europa.

Por iso seguimos defendendo ante o Goberno o desenvolvemento sustentable e razoable da eólica mariña. Non é de recibo que despois de dicir que se ía apoiar agora o Goberno poña todo tipo de obstáculo no parque eólico mariño experimental de Punta Langosteira. É necesario que empece a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

funcionar para que todas vexan as circunstancias sobre o terreo, como se está facendo noutros sitios.

E, por riba de todo, por iso estamos a tramitar unha pioneira Lei de recursos naturais que nos habilitará para que a Xunta participe directamente en proxectos estratéxicos enerxéticos, mineiros e de aproveitamento da auga que sexan estratéxicos, e sobre todo garantir beneficio directo, tanxible e aproveitable para os habitantes que vivan nos territorio onde esas instalacións existan. É o que busca esta lei pioneira.

Nesta mesma liña, hoxe avánzolle que nos vindeiros meses a Xunta lanzará as primeiras axudas para proxectos de hidróxeno verde, do que todo o mundo fala, a enerxía do futuro. Hai que empezar a moverse e poñer as condicións. Temos a moitas empresas traballando coa Xunta e agora damos un paso máis de dar estas axudas. Temos as condicións excelentes para converternos nun *hub* de primeiro nivel. E temos que dar pasos decididos. E hai que dalos xa.

Estamos nun punto de inflexión económico que require da máxima implicación dos poderes públicos. Están falando de moitos empregos, e empregos de calidade, que están en xogo, os que a existen e poden perderse e todos aqueles que podemos optar, se non os levamos nós, levaranos outros.

Non imos quedarnos cos brazos cruzados, nun mundo global tan competitivo, que temos exemplo noutro lado do Miño, as empresas contan con facilidades de tramitación e grandes cantidades de solo industrial. Temos que facer todo o posible, dentro das nosas competencias, para ser nós os elixidos. As condicións laborais e as garantías ambientais de Galicia, por suposto, non están en negociación, pero desde logo, que a todo o mundo lle quede claro, que en Galicia non vai obstruír nin dificultar proxectos viables. O contrario, ímolos apoiar decididamente e sen ningunha dúbida.

Polo tanto, hoxe quero trasladarlles dúas decisións de gran calado que reforzarán a capacidade de Galicia e accesibilidade de Galicia para proxectos económicos que creen en Galicia miles de postos de traballo en vez de crealos noutros lugares.

Hai dous dúas grandes necesidades detectadas que presentan os proxectos deste tipo: unha é necesidade de ter unha tramitación áxil, canto máis áxil mellor, respectando todos os condicionamentos xurídicos e medioambientais, para competir con outros lugares que ofrecen estas condicións. E por suposto, ten que haber capital, investimento inicial, para nos primeiros pasos na instalación destas industrias.

En primeiro lugar, declararanse proxectos industriais estratéxicos por parte da Xunta todos aqueles que cumpran as condicións de crear cando mínimo 25 empregos directos e conten cun financiamento privado inicial de 2 millóns de euros e ademais teñan unha incidencia territorial e socioeconómica salientable. Estes son proxectos que hai que intentar traer, mimar, que hai que consolidar na nosa terra para que sigan medrando despois. E por tanto hai que darlles garantías, que as fagan atractivos para os investidores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consistirán que a Xunta se compromete, ao que nos corresponde en canto a tramitación, o prazo máximo de tramitación garantida será dun ano. Estes os investidores teñen que sabelo desde o principio. Desde a presentación de toda a documentación ata a súa aprobación.

Para garantir que é un compromiso serio e que, por tanto, merece a pena apostar por nós, a Xunta indemnizará os promotores cun 1 % do importe total do proxecto, ata un límite de 500.000 euros, se non se cumprira este prazo dun ano.

E os proxectos de menor tamaño, que rondan a 800.000 euros, e son o xermolo dos que medran máis, eses tamén hai que protexelos, aceleralos e incentivalos para que non vaian a outros lugares. Para estes proxectos impulsaranse mediante un plan de aceleración de proxectos industriais. Todos eles terán ventanilla única na Xunta de Galicia, de xeito que se reducirán os prazos á metade e se garantirá o apoio do Goberno galego no caso de que os permisos de competencia municipal se demoren sen motivo. Nestes casos, a propia Xunta podería chegar a emitir a licenza de obras para que estes proxectos funcionen.

As administracións non crean riqueza, pero teñen que pór as condicións para que se poidan facer. A iniciativa privada é fundamental para o desenvolvemento do tecido económico dun país. Todos as garantías e todos os procesos de eliminación da burocracia que se pode prescindir, son neste momento de extremada competitividade son absolutamente necesarios.

Non entender que estas medidas son necesarios é aceptar con resignación que Galicia ten que quedar atrás mentres outros aceptan oportunidades. E, desde logo, este goberno non está disposto a iso. E por iso metemos estas medidas e facemos a outra gran medida; referida ao desenvolvemento industrial económico.

Galicia vai actuar na medida das súas competencias para facilitar financiamento aos proxectos con máis potencial. Xa nos gustaría que non fose necesario para algún deles, que espero que nono sexa porque non tería sentido perder fondos europeos que están sen utilizarse cando temos proxectos que o precisan. Pero Galicia non pode esperar e hai moitos outros proxectos que precisan dese impulso inicial.

Despois dun diálogo moi intenso, de meses, con entidades financeiras, aseguradoras e xestoras de pensións, a Xunta impulsará un fondo público-privado que contará cun capital inicial de 300 millóns de euros. Só o 10 % provirá das arcas autonómicas e todo o resto de investidores privados que apostan decididamente por Galicia e non apostan por outros sitios. Este fondo de 300 millóns de euros será complementario cos fondos que xa están mantendo a Xunta de Galicia. Todos os proxectos seguirán, este é un financiamento adicional que chega cando máis necesario resulta.

Os criterios de investimento deste fondo favorecerán que os proxectos con maior repercusión socioeconómica en Galicia teñan acceso ao financiamento que requiran, pois o 80% do fondo deberá destinarse a proxectos estratéxicos executados nesta comunidade autónoma, que precisen financiamento xa. Serán pasos rápidos e nas vindeiras semanas este fondo dará os seus primeiros pasos coa súa presentación ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores. Este é unha iniciativa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pioneira en toda España e demostra a fiabilidade dos proxectos que se fan coa Administración pública galega.

E ademais de apostar por proxectos industrias que crean centos de postos de traballo, non pode facer esquecernos deses exército de autónomos e emprendedores. Galicia seguirá estando a carón destes autonómicos, con valentía e compromiso, levantan cada día o seu propio negocio: acompañarémolos nos primeiros pasos a través dos 15 Polos de emprendemento cos que finalizará 2023, que neste ano axudaron a poñer en pé case 650 proxectos e arrouparémolos na súa consolidación a través das liñas de axuda que están ao seu alcance, e que suman 80 millóns de euros neste último ano.

Tamén é necesario formalos e reorientalos e adaptalos as súas necesidades. Hai que ter iniciativas. Galicia está avanzando cara a uns servizos de formación e orientación para o emprego individualizados e adaptados ás necesidades de cada persoa que busca traballo.

Nesta liña hai varias iniciativas que están a transformar as nosas políticas de emprego. A primeira delas, é a ferramenta EMI, que xa se está probando en tres oficinas de emprego e que utiliza a intelixencia artificial para casar a oferta e a demanda de traballo, por moi especializada que esta sexa. É posible co coordinación e chegar a persoa para esa vacante que se busca.

Tamén cos 136 novos orientadores laborais, que conformarán a columna vertebral dunhas oficinas de emprego dinámicas e eficaces. E tamén, o programa de apoio e seguimento personalizado ás persoas desempregadas, para atopar as razóns de que unha persoa leve moito tempo no paro e poñerlles solución e detectar posibles situacións de fraude que se poidan estar producindo.

Tamén apostar polas microcredenciais para ofrecer unha formación áxil e flexible que permita satisfacer as necesidades cambiantes do mercado de traballo, que máis necesaria ca nunca. E por suposto o programa Retorna Cualifica Emprego, para que centos de galegos do exterior poidan volver á nosa terra cun traballo desde o principio.

Que haxa 15.000 vacantes en empresas galegas mentres hai 130.000 persoas inscritas nas oficinas de emprego hai que lle pór solución. A sociedade nolo demanda. Arbitrar estas fórmulas para que persoas que buscan traballo, e as empresas que precisan cubrir postos con urxencias poidan facelo e conseguir que é esta anomalía o sexa cada vez en menos número, cantidade e calidade.

Futuro con certezas

Todo iso se vai conseguir tamén afondando na educación, na excelente educación que temos en Galicia, no excelente sistema educativo. Ao final é unha aposta polo capital humano da nosa comunidade: o que xa está traballando e o que se ten que formar para poder traballar no futuro. Falar de Educación hoxe en Galicia, en definitiva, é falar da Galicia do mañá.

Por iso, no vindeiro 2024 acadaremos as 10.000 aulas dixitalizadas de última xeración e implantaremos un sistema pioneiro en España para que a tecnoloxía axude aínda máis a analizar o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proceso de aprendizaxe individualizado de cada alumno, para detectar as súas necesidades e para propoñerlle vías de mellora. En definitiva, para que se forme cada vez mellor.

O Ensino galego é un dos nosos maiores motivos de orgullo. E, sen dúbida, sería algo baleiro sen os excelentes profesionais que cada día cos seus coñecementos e a súa vocación lle dan sentido. Por tanto, para recoñecer o seu esforzo, estamos agora mesmo inmersos nunha negociación para mellorar as súas condicións laborais que estou seguro acabará chegando a bo porto.

Estes docentes —cuxo número creceu desde 2009 malia a tendencia demográfica descendente— acompañan aos rapaces e rapazas galegos desde a escola infantil ata a Educación Primaria, a Secundaria e, para aqueles que a escollan, esa Formación Profesional, esa revolución silenciosa da FP en Galicia que bate récords cada ano. Neste curso se superaron as 64.500 matriculas, un 86 % máis, case un 100% máis que hai tan só quince anos.

Ao longo dos próximos meses, propoñemos reforzar o traballo de orientación no ensino medio, para que aquelas rapazas e rapaces que existen -e iso é un problema que hai abordar-, que poden estar pensando en tirar a toalla e deixar de estudar xa definitivamente, saiban que teñen saídas, que na Formación Profesional ou na reconsideración do que queren facer está probablemente a decisión sobre o seu futuro para o resto da súa vida. Hai que atendelos e nos próximos meses teremos unha estratexia para facer fronte a esta situación.

E por suposto o ensino universitario. Galicia vai seguir sendo o sistema universitario de toda España máis económico e máis accesible. Xa van 15 e neste 2024 outra vez as taxas universitarias estarán conxeladas. E non so iso senón que, señorías, como as universidades son o corazón do sistema galego de coñecemento e innovación, a partir do vindeiro exercicio, Galicia vai investir nelas como mínimo o 1 % do noso PIB. Practicamente ningunha comunidade chega esta porcentaxe. En Galicia si que imos chegar e, polo tanto, seguiremos axudando as nosas tres excelentes universidades para que sigan axeitando as súas instalacións, sigan creando novos espazos e fortalecendo o seu sistema de I+D+i.

Seguiremos con esta aposta decidida pola I+D+i, ás veces silenciosa, ás veces non moi notoria para a opinión pública, pero desde logo sempre absolutamente rendible.

Polo tanto, esas liñas para captación de talento de alto nivel como o programa Oportunius ou os complementos ás bolsas ERC van ter no vindeiro ano un novo reforzo, un novo compañeiro. Trátase do programa Recupera, que vai incorporar nos vindeiros tres anos a 30 investigadores, agora mesmo expatriados, de altísimo nivel para que traballen aquí, nos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia.

E, por suposto, seguiremos coidando, promovendo e fortalecendo a nosa lingua: o galego, a máis utilizada na nosa terra e tamén máis coñecida e utilizada que o catalán e o vasco. É vital seguir abríndolle novos espazos que poidamos aproveitar todos os galegos e as galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Velaí a nosa aposta, ultimamente fortalecida, por estreitar os vínculos co portugués, na liña da Lei Paz Andrade; velaí o Plan de dinamización lingüística entre a mocidade; velaí o proxecto Nós, que permitirá que o galego estea presente nos últimos avances en intelixencia artificial e tecnoloxías da linguaxe.

Iso si, se ese Perte das linguas, que so lle dedica só 30 millóns de 1.200 millóns ás tres linguas cooficiais que existen no Estado, se reconsidera para apostar definitivamente fóra de plantexamentos políticos pola lingua galega. Iso hai que pedirlo tamén ao ministerio correspondente.

E falar de lingua, por suposto, é falar de cultura, da nosa cultura, da cultura de Galicia, da propia. É falar de fornecela, de espallala, de difundila como unha riqueza deste pobo. Así desenvolveremos novas iniciativas como a creación dun circuíto de difusión da cultura popular galega, para ofrecer novos espazos para as bandas e as corais e a música o baile tradicional, para todas as expresións e hai moitas de cultura popular galega que se manteñen, tamén entre a xente nova.

E tamén, por suposto, desenvolveremos a recentemente aprobada no seo do Goberno a Lei de cultura inclusiva e accesible que se prevé aprobar neste período de sesións cando entre no Parlamento.

Ademais, seguiremos estando ao carón do noso magnífico sector audiovisual, tanto facilitando a presenza das nosas creacións a nivel internacional —velaí os recentes e felicísimos éxitos coma “O que arde” ou especialmente o tan recente de “O corno”— como facilitando a realización de películas e series en Galicia como se fai en moitos sitios. Nesta liña, lanzaremos unha nova edición do fondo para atracción de rodaxes. Cada vez Galicia atrae máis rodaxes ao noso territorio.

Procuraremos tamén ordenar o florecente mapa de festivais de música, audiovisual ou artes escénicas en Galicia. Hai que identificar os máis representativos dentro de cada ámbito para ordenalos, para que teñan un impacto decidido aquí e tamén para favorecer a súa proxección nacional e internacional. Tamén son marca Galicia.

Por que ademais todo este patrimonio cultural, sen ningunha dúbida, é un dos argumentas que explican ese florecemento e rexurdimento turístico, especialmente desde a pandemia, que está experimentando Galicia. Unha terra sen historia nin tradicións non podería rexistrar as imponentes cifras que estamos coñecendo.

Este é un mundo onde hai infinitos destinos, é un mundo global onde a xente ten unha enorme capacidade de elección. Que o ano pasado superáramos a cifra máxima de visitantes, que este ano viaíamos camiño de facelo -xa 5 millóns de persoas nos escolleron como destino 2023- é algo que temos que coídar, que temos que mimar. Temos que ter moi presente que a sustentabilidade turística é compatible cun crecemento ordeado.

E, polo tanto, por aí imos seguir. É unha parte moi importante do noso PIB e das nosas cifras de xente que está traballando. Demostramos que non somos unha moda, demostramos que sabemos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facer as cousas ben e, polo tanto, este destino turístico sustentable e con sentidiño se ten que seguir mantendo.

Farémolo desestacionalizando os fluxos turísticos e seguiremos fomentando que os galegos e as galegas viaxemos dentro do noso territorio, ese redescubrimento que fixemos de Galicia -os do norte do sur e os do sur do norte-. Iso serve ademais de para dinamizar o noso turismo, para desestacionalizalo.

Igual que hai que seguir coidando e promocionando o fenómeno Xacobeo. O centro do coñecemento Xacobeo que poñeremos en marcha o ano que vén non só para difundir o que aquí se fai ben senón para escoitar o que fan ben os que tamén se dedican a este tipo de turismo por un lado e de tradicións seculares por outro é fundamental para seguir medrando con sentidiño no fenómeno Xacobeo.

E tamén lanzaremos o ano que vén un Plan estratéxico para o turismo rural, que favoreza a adaptación destas instalacións senlleiras en Galicia – é unha das nosas marcas de identidade- ás novas tendencias e demandas dos viaxeiros.

E, señorías, hai outra medida que pode que teña un carácter simbólico pero creo que, ás veces, os símbolos son moi importantes tamén. Creo que somos todos conscientes do centos e miles de galegos que teñen unha mascota. Somos unha comunidade amigable cos animais, que queremos os animais. Ese amor polos animais fala moi ben de nós.

Iniciaremos unha medida pioneira e que vén substituír o que, probablemente, non estean facendo os demais, e o ano que vén que os concellos nos ceden os terreos, instalaremos un parque canino en cada unha das cidades galegas. Ás veces hai que abrir camiño para que os demais fagan o que, xa é evidente, que tiñan que ter feito.

Hai que ter cidades amigables e isto é unha liña para unha cidade amigable. Insisto, os símbolos ás veces son importantes. E se completa con todo o que estamos facendo nas cidades: 250 novos quilómetros de sendas peonís e ciclistas xa construídos aos que se unirán outros 200 que están planificados ou xa en plena execución.

Estes camiños vertebran Galicia non só as zonas urbanas, como tamén o fan as vías de altas prestacións que estamos impulsando nalgúns casos, ou que xa poremos en servizo en breve. Falo do novo treito da autovía Tui – A Guarda ou da tan esperada prolongación da autovía Santiago – A Estrada na que pronto iniciaremos as obras. Avanzamos na tramitación do desdoblamento do corredor Brión – Noia ou do novo treito da autovía Nadela – Sarria, despois da súa recente ampliación. Xa está en servizo. Seguiremos na medida das posibilidades e grazas a boa saúde das contas públicas en Galicia.

E tamén a partir do vindeiro 2024 comezaremos a transformación das vías de alta capacidade e a súa contorna. A Estratexia de estradas verdes reforestará as súas marxes para substituír especies pirófitas e invasoras que están proliferando moito máis do debido —como acacias, eucaliptos ou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

herbas da pampa— por especies frondosas autóctonas. Esta iniciativa, que tamén é marca Galicia porque conforma a nosa paisaxe, ten unha especial incidencia na prevención de lumes e vai comezar na autovía do Morrazo, onde se plantarán 25.000 árbores nos próximos meses.

Ademais, como xa avancei hai poucas semanas, as autoestradas de peaxe de Galicia volverán un ano máis a conxelar os seus prezos para que a inflación non repercuta nos seus usuarios. Totalmente o contrario do que fai o Goberno central coas súas dúas autoestradas cuxa titularidade obstenta en Galicia, que volven ser o ano que vén as máis caras de España.

Como é natural na terra da auga, rematamos polas infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración. A Xunta está a realizar investimentos anuais que superan os 100 millóns de euros, practicamente o dobre do que se ten previsto recadar neste ano co canon da auga. No 2024 avanzaremos tamén cara á neutralidade climática das instalacións de depuración e saneamento.

Galicia segura

En Galicia creo que temos unha traxectoria da que podemos sentirnos moi orgullosos. En Galicia temos unha estabilidade, e temos que seguir téndoa, que contrasta coas incertezas ás que antes me refería do panorama nacional e que todos coñecemos aínda que algún non as queiran recoñecer. En Galicia temos un proxecto e en Galicia temos a iniciativa, a experiencia e o talento para materializar as ideas que temos para o futuro.

Eu quero que a comunidade que lles deixemos ás nosas fillas e ás nosas netas sexa unha terra cada vez máis igualitaria, sexa unha terra na que se asegure que as nenas sexan, nada máis e nada menos, que o que elas queiran ser e que no seu camiño non se interpoñan nin estereotipos nin clichés nin vestixios de desigualdades e, por suposto, xamais e sexamos capaces de desterrar a lacra da violencia machista. Iso é o que quero para Galicia.

Por iso, entre outras moitas medidas que xa están en vigor anuncio un plan para a formación e contratación de mulleres en sectores aínda fortemente masculinizados. É necesario facer este labor de fomento; a sociedade, por desgraza, non o vai facer por si mesma. Isto o faremos, igual que seguiremos insistindo, a pesar de todos os intentos de algúns por ir na dirección contraria, na erradicación efectiva máis alá de programas, máis alá de leis ineficaces contraproducentes, aquí queremos feitos que de verdade sexan útiles. E por iso seguiremos reivindicando ante o Goberno e, se se nos conceden, sufragando, Xulgados específicos nas cinco cidades que aínda non o teñen. Seguiremolo facendo.

A Galicia dos nosos fillos ten que ser cada vez máis verde e sustentable. A prosperidade non vai ser a costa do noso patrimonio natural, senón que o contrario: se ten e pode apoiarse nese patrimonio de moitísimo patrimonio de valor que temos.

A Galicia das vindeiras xeracións será unha terra próspera, que aproveite ao máximo o seu potencial e que distribúa a súa riqueza para que impregne todas as capas da nosa sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Galicia de hoxe e a de mañá debe ser quen de ofrecer seguridade á súa xente. A xente quere seguridade, de todo tipo, empezando pola seguridade que lle ten que dar unha administración, un Goberno, que se dedique a resolverlle os problemas e non perda o tempo discutindo cos demais ou vendendo todo polo prezo dunha investidura.

Seguridade é saber, polo tanto, que se a vida nos dá un revés, existe unha administración que nos vai axudar. Iso sería o resumo de todo o resto da seguridade.

Seguridade é ter a certeza de que cando nos fagamos maiores teremos ao noso alcance servizos de primeiro nivel que nos ofrecerán a atención necesaria, aquela que merecemos despois de toda unha vida de traballo.

Seguridade é saber que o nivel económico non é un obstáculo insalvable para que quen queira ter fillos os poida ter, veña da contorna que veña, teña as condicións que teña.

Teñen que saber todas esas persoas que van estar arroupados, acompañados, amparados e axudados dende o primeiro momento.

E seguridade é poder lanzarse a montar un negocio sabendo que aquí si vai haber, sobre todo para os primeiros e difíciles e case sempre decisivos pasos.

Seguridade tamén é dispoñer duns poderes públicos que teñen que analizar, están obrigados, é o que a xente espera de nós, minuciosamente os proxectos empresariais que queren asentarse na nosa terra, sendo máis exixentes que ninguén, pero tampouco por consignas políticas dicíndolles directamente que se vaian a outros sitios onde si que serán acollidos.

Seguridade é saber que o Goberno de Galicia non se embarcará en aventuras políticas de escaso percorrido, que sacrifican o benestar da xente, é o que menos lles importa, a cambio de sempre o altar da ideoloxía que todo impregna e todo o condiciona e que todo o acaba esmagando.

Seguridade é contar cun pobo unido que apoia aos seus, especialmente aos seus, falen o que falen, pensen o que pensen, e veñan de onde veñan. En Galicia cabe todo o mundo.

E todo o mundo que cabe en Galicia vén precisamente dun mundo no que cada vez se poden dar menos cousas por feitas, se é que a día de hoxe algo se pode dar por feito. Dun mundo no que a realidade parece poder cambiar radicalmente, e moitas veces o fai e para mal, dun día para outro.

Por iso é moi importante saber que a nosa terra, Galicia, é distinta. Que Galicia é segura, e por tanto dá seguridades. Saber que, mentres as galegas e galegos queiran, esta seguirá sendo, agora e máis importante que nunca, esa illa de estabilidade que recoñece tanta xente.

Polo tanto imos traballar para seguir sendo previsibles, imos traballar para seguir sendo fraternais, con todo o mundo e entre nós; non queremos enfrontamentos artificiosos. Imos traballar para seguir sendo responsables, un Goberno responsable é o que a xente quere e o que a xente esixe. Imos traballar para seguir inspirando confianza, que importante é inspirar confianza na xente que che encarga a xestión dos seus asuntos fundamentais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imos traballar, en definitiva, para seguir sendo Galicia. Cada día máis Galicia. E cada día máis fortes. Moitas grazas.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia